

Intimidad personal y familiar

Luis Javier Mieres Mieres

Prontuario de Jurisprudencia Constitucional

Madrid, Aranzadi, 2002

A *privacy* é un termo xurídico plenamente anglosaxón, ata o punto de que non existía en España unha soa sentenza sobre o tema (en contra do que sucedía coa honra) ata a promulgación da nosa carta magna¹. Incluso agora, o dereito á intimidade é unha materia bastante novidosa, con moi pouca bibliografía e non demasiadas sentencias do Tribunal Supremo e Constitucional. Este último (Tribunal Constitucional) quizais posúe un especial protagonismo, como intérprete supremo da Constitución española²; é el cos seus pronunciamentos o que vai abrindo o camiño para clarear cal é o seu contido e a súa posición axiolóxica no noso ordenamento xurídico.

¹ O dereito español pre-constitucional non tiña un concepto de dereito á intimidade como tal, non se desenvolvera coma outros dereitos da personalidade a partir do Código civil.

² A atribución na Constitución española á dignidade da persoa dunha posición fundamentadora da nosa orde xurídica política, coincidente coa liña do constitucionalismo actual, ex.: artigo 10.12 da Declaración universal de dereitos do home, o artigo 1 da Constitución alemana, que se propón asentar así mesmo sobre tal base a convivencia política, e impoñerlles, en consecuencia, ós poderes públicos a obriga do seu respecto e protección.

Nun senso máis xeral, o dereito á intimidade³ pode ser definido como aquel dereito humano por virtude do cal a persoa –ben individual, ben colectiva–, ten o poder de excluí-las demais persoas do coñecemento da súa vida persoal –sentimentos, emocións, datos biográficos e persoais e imaxe–, e ten, ademais, a facultade de determinar en qué medida esas dimensións da vida persoal lles poden ser lexitimamente comunicadas a outros.

Existen diversos criterios de clasificación do dereito á intimidade. Se tomamos en consideración as súas manifestacións históricas máis importantes, pódense considerar como formas do dereito á intimidade as seguintes:

- O dereito á inviolabilidade do domicilio.
- O dereito á inviolabilidade da correspondencia.
- O dereito á intimidade fronte ás escoitas telefónicas.
- O dereito á propia imaxe.
- O dereito á intimidade fronte á informática: o dereito á liberdade informática.

É un dereito que afecta directamente, en relación ó obxecto ou dimensión moral da persoa, pero que indirectamente afecta tamén á súa dimensión física. É por tanto un dereito que afecta, na súa protección, a moitos outros que non necesariamente teñen natureza espiritual, como é o dereito á vida ou o dereito á seguridade persoal. Este dereito afecta tamén, directamente, na súa protección á existencia e exercicio das garantías procesuais. Pénsese, por exemplo, no problema das probas procesuais obtidas en clara violación do dereito á intimidade.

O dereito á intimidade pode ser lesionado de catro formas xenéricas distintas:

- A intromisión na soidade física que cada persoa reserva para si.
- A divulgación pública de feitos privados.
- A presentación ó público de circunstancias persoais baixo falsa aparencia.
- A apropiación, non autorizada, do que pertence ó noso círculo persoal, como a imaxe e a fotografía.

O artigo 18.1 da nosa Carta magna garante o dereito ó honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. Dende unha perspectiva contraposta: en

³ É un dereito que vén recoñecido polas principais declaracións internacionais de dereitos humanos:

- Artigo 12 da Declaración universal de dereitos humanos.
- Artigos 17.1, 14.1, 40.2 b VII) Pacto internacional de dereitos civís e políticos.
- Artigo 16 da Convención internacional sobre dereitos do neno, adoptada pola asemblea xeral das Nacións Unidas do 20 de novembro de 1989.
- Artigo 8.1 do Convenio para a protección dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais, firmado en Roma o 4 de novembro de 1950.
- Artigos 9 e 10 da Declaración americana de dereitos humanos.
- Artigos 6.2 e 11.2 da Declaración dos dereitos e liberdades fundamentais, aprobada polo Parlamento europeo por resolución do 16 de maio de 1989.
- Artigo 4 da Carta africana dos dereitos do home e dos pobos de 1981.

canto límite das liberdades de expresión e de libre comunicación ou recepción de información veraz, o artigo 20.4 volve a referirse ós devanditos dereitos. Estamos pois ante dereitos cun inequívoco significado personalista, estrictamente vinculado á propia personalidade e derivados da dignidade da persoa⁴.

Moi poucos dereitos recibiron frases tan eloxiosas do Tribunal Constitucional como a pronunciada na súa primeira sentenza sobre o tema: «O dereito á intimidade persoal implica a existencia dun ámbito propio e reservado fronte á acción e coñecemento dos demais, necesario, segundo as pautas da nosa cultura, para manter unha calidade mínima da vida humana».

Tralas dúas achegas ó tema en 1984, non sería ata finais do 1988 cando o Tribunal Constitucional dictara a súa primeira resolución, na cal se dedicaba a estudar con rigorosidade e en profundidade o dereito á intimidade (o archiconocido caso Paquirri). Hoxe en día o artigo 18.1 da Constitución⁵ foi interpretado por non máis dunha ducia de sentencias que tratan de maneira substantiva este dereito á intimidade⁶.

Nestas sentencias ademais de producirse unha interpretación propia deste dereito, produciuse por efecto reflexo unha importación da xurisprudencia e doutrina norteamericana, e iso que nos Estados Unidos de América non existe un recoñecemento expreso do dereito á intimidade na súa Constitución de 1787, e tampouco en ningunha das súas emendas. Foi o seu Tribunal Supremo quen en 1965 estendeu a protección constitucional á intimidade. (*Griswold vs. Connecticut*, 381 U.S. 479-531, 1965).

En 1999 en España, o noso Tribunal Constitucional fixo un pronunciamento novidoso e importante sobre o dereito á intimidade, na Sentencia 134/1999, do 15 de xullo, expón que:

«No dereito á intimidade atribúeselle ó seu titular o poder de resgardarse, nese ámbito reservado polo propio individuo e a súa familia, dunha publicidade non desexada. O artigo 18.1 da Constitución non garante unha intimidade determinada, senón o dereito a posuíla, a ter vida privada, e a dispoñer dun poder de control sobre a publicidade da información relativa á persoa e á súa familia, con independencia do contido que se lle desexa manter ó abeiro do coñece-

⁴ A vida privada íntima –afirma Sánchez Agesta– é como a propia atmosfera da personalidade. Tódolos dereitos que a protexen teñen un carácter individualista, porque o que nela se respecta é precisamente a autonomía privada da vida individual. Son, por iso, os máis clásicos e antigos dereitos da liberdade persoal.

⁵ Art. 10.1 C.E: «A dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e ós dereitos dos demais son fundamento da orde política e da paz social».

⁶ O precepto serve de antecedente e de fundamentación doutros artigos que sentan dereitos máis concretos, e que son relacionados a continuación na Constitución, entre eles o da intimidade. Na interpretación concreta deste dereito, o Tribunal Constitucional fará frecuentes alusións ó disposto no artigo 10.1 da Constitución, e sinalará que o dereito á intimidade aparece estrictamente vinculado á propia personalidade, tal como se deriva na expresión «dignidade da persoa» recollida nese artigo.

mento público. O que o artigo 18.1 garante é un dereito ó segredo, a ser descoñecido, a que os demais non saiban que somos ou o qué facemos vedando que terceiros, sexan particulares ou poderes públicos, decidan cáles sexan os lindes da nosa vida privada, e que cada persoa poida reservar un espacio resgardado da curiosidade allea, sexa cal sexa o contido nese espacio». O precepto, tal como apunta Ruíz Miguel é bastante insólito no panorama do dereito constitucional comparado; servirá para que a xurisprudencia se remita en numerosas ocasións, á hora de fundamentar as súas resolucións a convenios internacionais e á súa interpretación por parte de determinados tribunais, como, por exemplo, o Tribunal europeo de dereitos humanos e, neste tema de dereito á intimidade a xurisprudencia deste tribunal será obxecto de constante cita, polo amplo alcance que se lle dá ó dereito por este órgano, ó cubrir moitos e variados supostos⁷.

O feito de que a Constitución española de 1978 ampare o dereito á intimidade equivale a unha acertada síntese entre a súa consideración orixinal, baseada no dereito civil, e a súa importante influencia pública⁸.

O «dereito ó segredo», ó anonimato da vida privada, é sen dúbida algunha un dos máis apreciados bens da nosa sociedade, que rexeita cada vez máis a intromisión á curiosidade allea. Non resta recordar que o interese público coincide co morboso afán por entremeterse nas vidas dos demais: «A preservación dese reducto da inmunidade só pode ceder, cando se trata o dereito á información, se o difundido afecta, polo seu obxecto e polo seu valor, ó ámbito do público, que non coincide, claro é, con aquilo que poida suscitar ou espertar, meramente, a curiosidade allea» (STC 20/1992, do 14 de febreiro). Vén así a rexeitarse un presunto «dereito á lería», propugnado por algún sector doutrinal nos Estados Unidos de América.

Este prontuario ofrece tanto sentencias do Tribunal Constitucional coma achegas relevantes do Tribunal europeo, ademais referéncianse tamén sentencias do Tribunal Supremo e doutros órganos xurisdiccionais que complementan certos aspectos do dereito sobre os que non se pronunciou aínda o Tribunal Constitucional. A selección de xurisprudencia neste libro podemos dividila en dúas partes, a primeira, na que se reproducen sentencias do Tribunal Constitucional máis relevantes e separadas por conceptos que o autor denomina «clave» e que responden ó núcleo do seu contido; e a segunda parte, que inclúe unha selección de sentencias do Tribunal europeo de dereitos humanos sobre as nocións da vida privada e da vida familiar.

O primeiro punto que debemos afrontar é a contestación á pregunta de ¿que é o dereito á intimidade?, a resposta que a esta pregunta lle dá o Tribunal Constitucional é indeterminada, así na STC 73/1982 (RTC 1982, 73) afirmou que «a

⁷ Cfr. Carlos Ruíz Miguel, *La configuración constitucional del derecho a la intimidad*, op. Cit., páx 69.

⁸ Cfr. Antonio Fayos Gardó, *Derecho a la intimidad y medios de comunicación*, op. Cit., páx 355.

intimidade é un ámbito ou reducto no cal se veda que outros penetren» (F. 5º), e destácase na súa definición o carácter espacial e xeográfico do ben xurídico protexido. A STC 110/1984, pola súa parte, engadiulle á formulación a idea informacional da intimidade, pois, segundo o Tribunal, a finalidade do dereito é «o respecto a un ámbito da vida privada, persoal e familiar, que debe quedar excluído do coñecemento alleo e das intromisións dos demais, salvo autorización do interesado» (F. 3º). Así ata que chegamos á famosa STC 231/1988 (RTC 1988, 231) na cal se expón que «Os dereitos á imaxe e á intimidade persoal e familiar recoñecidos no artigo 18 da Constitución española (RCL 1978, 2836 e ApNDL 2875), aparecen como dereitos fundamentais estrictamente vinculados á propia personalidade, derivados sen dúbida da «dignidade da persoa», que recoñece o artigo 10 da Constitución española, e que implican a existencia dun ámbito propio e reservado fronte á acción e coñecemento dos demais, necesario para manter unha calidade mínima da vida humana».

O autor pregúntase no seu prontuario porqué e cáles son as razóns que fundamentan a protección ó dereito á intimidade persoal e familiar, e unha vez máis don Luis Javier Mieres encontra a resposta, como non podía ser doutra maneira, nunha sentenza do Tribunal Constitucional, en concreto na STC 53/1985 (RTC 1985, 53):

«A dignidade é un valor espiritual e moral inherente á persoa, que se manifesta singularmente na autodeterminación consciente e responsable da propia vida e que leva consigo a pretensión do respecto por parte dos demais» [F8]. Doutra banda, constitúen unha condición necesaria para o propio exercicio «da autonomía do individuo para elixir entre as diversas opcións vitais que se lle presenten, de acordo cos seus propios intereses e preferencias» (STC 132/1989 [RTC 1989, 132] [F 6º]), pois o coñecemento por terceiros do que facemos, do contido das nosas decisións persoais ou da posibilidade dese coñecemento ten un efecto de constricción no exercicio da autonomía persoal.

A intimidade, dende este punto de vista, constitúe un ben instrumental para a protección do exercicio da liberdade no desenvolvemento da propia vida; ofrece un perímetro de garantía fronte a intrusións e intromisións informativas que afectan ó exercicio da liberdade individual.

Así mesmo, o autor recolle no seu prontuario sentencias do Tribunal europeo de dereitos humanos sobre o dereito ó respecto á vida persoal e familiar e proclama no artigo 8.1 CEDH⁹ (RCL 1999, 1190 e 1572), das cales me interesa destacar (xa que mantén unha concepción especialmente ampla do ámbito protexido por este dereito), a Sentencia Niemitz c. Alemaña (TEDH¹⁰ 1992, 77), en relación coa definición do ámbito protexido polo artigo 8.1 CEDH:

«O tribunal non considera posible nin necesario ofrecer unha definición exhaustiva da noción de “vida privada”. Sen embargo, sería demasiado restrictivo

⁹ Convenio Europeo de Dereitos Humanos.

¹⁰ Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.

limita-la noción a un “círculo interior” no que o individuo pode desenvolver-la súa propia vida persoal como el elixa e excluír por completo o mundo exterior, non integrado nese círculo. O respecto da vida privada debe, tamén, englobar ata certo punto o dereito a establecer e desenvolver relacións con outros seres humanos»¹¹.

Por último e en referencia á intimidade familiar e á noción da vida familiar, o autor subliña as discrepancias entre as teses do Tribunal Constitucional español e o Tribunal europeo de dereitos humanos cando interpreta o artigo 1 do CEDH:

■ O TEDH dende o asunto *Marx* (Sentencia do 13 de xullo de 1979 [TEDH 1979, 2]) desenvolveu unha xurisprudencia moi rica en torno ás esixencias que o artigo 8.1 CEDH (RCL 1999, 1190 y 1572) lles impón ós estados no respecto efectivo á vida familiar. A medida deberá estar prevista pola lei, debe perseguir un fin lexítimo dentro dos expresados polo artigo 8.2 CEDH e debe ser necesaria nunha sociedade democrática, isto é, a inxerencia debe estar fundada nunha necesidade social imperiosa e ser proporcionada ó fin que persegue.

■ O Tribunal Constitucional, expón que a protección da familia se articula na Constitución española, a través do mandato ó lexislador contido no seu artigo 39. A adopción por un poder público de calquera medida prevista na lei que incida no desenvolvemento da vida familiar e que non afecte a un dereito fundamental substantivo co que poida conectarse o artigo 39 CE carece, para os efectos da xurisdicción de amparo, da dimensión constitucional, salvo o control da motivación da resolución xudicial dende o prisma do artigo 24.1 CE, no que pode incidi-lo acervo xurisprudencial europeo á hora de determina-la súa razoabilidade.

O autor crítica a posición do Tribunal Constitucional dicindo que «A xurisprudencia constitucional non pode manterse inmune ós impulsos do artigo 8 CEDH cando o propio lexislador orgánico optou por incluír, por exemplo, o dereito á reagrupación familiar no contido do dereito á intimidade familiar (art. 16 LO 4/2000 [RCL 2000, 72 e 209]).

O capítulo III do prontuario fala da intimidade territorial¹²; dentro deste capítulo distingue entre o contido ambiental da intimidade territorial¹³, a protección do espazo vital¹⁴, os espazos públicos razoablemente reservados¹⁵, e a intimidade corporal.

¹¹ *Nimietz c. Alemaña*, Sentencia do 16 de decembro de 1992 (par. 29). En contraste coa tese sostida pola STC 73/1982.

¹² Por exemplo: (STC 22/1984 [RTC 1984, 22] [F. 5º]), (STC 110/1984 [RTC 1984, 110] [F3]), (STC 119/2001, 119), (STC 119/2001 [F. 5º]) entre outras.

¹³ Por exemplo: caso *López Ostra c. España*, Sentencia do 9 de decembro de 1994 [TEDH 1994,3] par. 51, entre outras.

¹⁴ Por exemplo un caso de frustración considerado polo noso Tribunal Supremo lesivo do dereito á intimidade é a actividade do cobrador do frac: SSTS (Sala 1ª) do 30 de decembro de 1995 (RJ 1995, 9619) e 2 de abril de 2001 (RJ 2001, 3991). E a STC 224/1999 indica expresamente que a súa doutrina só é aplicable ó acoso sexual laboral e non se estende necesariamente ó acoso sexual tipificado penalmente [F. 3º]

¹⁵ Por exemplo, STS (Sala 1ª) do 29 de marzo de 1998 (RJ 1988, 2480) (captación me-

Neste último punto destacarei, pola súa importancia e actualidade, unha serie de sentencias que o autor salienta no ámbito do social nos supostos de monitorización do uso dos ordenadores¹⁶: STSX Cataluña do 23 de outubro de 2000 (AS 2000, 4536): (monitorización do PC ante as sospeitas do uso diario do xogo do solitario durante a xornada laboral: a medida considerase axeitada, necesaria e proporcionada polo que a proba que funda o despido disciplinario non é ilexítima) e a STSX Cataluña do 5 de xullo de 2000 (AS 2000, 3452) (auditoría do PC co fin de verifica-lo uso do correo electrónico para mensaxes obscenas sobre compañeiras de traballo; especial relevancia do feito de que o uso do correo electrónico, para fins extralaborais, estaba prohibido pola empresa e que os traballadores recoñecían que os mensaxes se gravaban no servidor e podían ser controlados). Así mesmo, na Sentencia do Xulgado do Penal de Tarragona, núm. 3, do 8 de novembro de 2000 (ARP 2000, 2814): a gravación en vídeo amosaba á empregada tomando 20.000 pesetas da carteira do empregador e collendo un anel valorado en 150.000 pesetas): «En canto ó dereito á intimidade debemos entendelo nun senso amplo que poida abranguer non só a estricte vida privada da persoa, senón tamén a privacidade no desenvolvemento dun labor profesional. E débese incluír no dito ámbito privado tal esfera e ten que constituír, en consecuencia, unha gravación clandestina dela, unha intromisión no dereito á intimidade.

Por último o capítulo IV trata sobre a «Intromisión na intimidade informacional»¹⁷, non se nos debe escapar co almacenamento e recompilación de da-

diante teleobxectivo da imaxe de Silvia Munt en *top-less* «nun lugar da praia escollido e pouco concorrido de xente e alonxado dos núcleos de poboación» e SAP (Barcelona, Secc. 16ª) do 28 de xuño de 2000 (AC 2000, 2502) (fotos de Ivonne Reyes na praia: «O feito de bañarse nunha praia pública non constitúe algo íntimo ou reservado, que exclúe o coñecemento alieo, senón máis ben o contrario» [F. 4].

¹⁶ Cada vez que alguén utiliza o correo electrónico, navega pola Web, intervén nos foros de conversación, participa nos grupos de noticias de Usenet, ou fai uso dun servidor de FTP, está revelando datos sensibles acerca da súa personalidade, economía, gustos, hábitos sociais, residencia, etc., que poden ser maliciosamente recollidos e utilizados por terceiros, en prexuízo do usuario inocente.

A ameaza máis evidente da que todo o mundo é consciente, consiste nos ataques á confidencialidade, autenticidade e integridade do correo electrónico.

Aínda así a maioría dos usuarios non é consciente da cantidade de información privada que, de forma inadvertida e involuntaria, lles está revelando a terceiros, ó facer uso de Internet. Cada vez que se visita un sitio web, subministrase de forma rutineira unha información que pode ser arquivada polo administrador do sitio. A este, non lle resulta difícil indaga-la dirección do correo electrónico do usuario, que páxinas le e cáles non, que figuras mira, cuántas páxinas visitou, cál é o sitio recentemente visitado...

¹⁷ Penso que o autor debeu de falar neste punto das directrices da OCDE nas cales se lle recoñecen ó individuo o dereito a saber se o titular do ficheiro posúe datos referentes á súa persoa e acceder ou obter comunicación sobre a existencia de tales ficheiros; as directrices da OCDE recollen o dereito a rectificar, corrixir, emendar, completar ou borrar datos que o interesado considera que non son correctos ou apropiados para a finalidade perseguida polo ficheiro.

tos de carácter persoal non son actividades recentes creadas pola informática. A existencia dos tradicionais ficheiros manuais con datos de carácter persoal xa presaxiaba os riscos nos cales un ficheiro con datos incompletos, inexactos, falsos ou utilizados cun propósito diferente para o cal se recolleron podía ter na persoa afectada. Non foi ata que os ordenadores demostraron o incremento dos riscos adicionais resultantes do tratamento automatizado dos datos persoais, que a sociedade en xeral, empezou a demostra-la súa preocupación sobre o tema e que os gobernos nacionais sentiron a necesidade de elaborar normas reguladoras que protexeran os individuos¹⁸.

En canto ó dereito á intimidade, este foi recollido en diversos instrumentos internacionais do ámbito universal e rexional. No eido das Nacións Unidas o artigo 12 da Declaración universal de dereitos humanos expón: «Ninguén será obxecto de inxerencias arbitrarias na súa vida privada, a súa familia, o seu lar ou a súa correspondencia, nin de ataques á súa honra ou á súa reputación». En termos similares redactouse o artigo 17 do Pacto internacional de dereitos civís e políticos. É certo que estes textos xerais internacionais son insuficientes para a protección da intimidade fronte á ameaza da informática, pero isto non significa que durante a súa elaboración se pretendera excluí-lo dereito da persoa a protexe-los seus datos persoais. A razón pola cal só se recolleron de forma xeral o «dereito á vida privada» reside en que son instrumentos previos á era do ordenador. Foi a finais dos anos setenta cando se recoñeceu internacionalmente a ameaza que a intimidade persoal sofre polas novas tecnoloxías.

Como afirmou Garzón Clariana na súa obra *A informatización da sociedade e o dereito de xentes*: «a cuestión da protección dos datos persoais non estriba tanto en engadir-lle un novo dereito fundamental ó repertorio dos xa coñecidos, como en garanti-lo aproveitamento efectivo do conxunto de tales dereitos». Nesta parte do prontuario interéname subliña-las seguintes sentencias:

■ STC 292/2000 (RTC, 292): «todos aqueles que identifiquen ou permitan a identificación da persoa, e isto poida servir para a confección do seu perfil ideolóxico, racial, sexual, económico ou de calquera outra índole, ou que serven para calquera outra actividade que en determinadas circunstancias constitúa unha ameaza para o individuo»

Tamén cómpre destaca-las sentencias do TEDH nos casos Leander e Gaskin, o primeiro deles denega o acceso a datos persoais que se atopaban almacenados nos ficheiros do departamento de seguridade e da policía nacional sueca, o TEDH neste caso sinalou que non había violación do dereito á intimidade; no caso Gaskin, que versa sobre o principio ó acceso individual a documentos e información sobre a infancia dun orfo, recollida nun ficheiro dun orfanato; O TEDH entendeu que a negación a ver este ficheiro suporía unha vulneración ó artigo 8 porque tales datos concerníanlle á vida privada e familiar do reclamante, e constitúe un interese vital para o individuo, xa que do contrario sería incapaz de entende-la súa infancia e adolescencia.

¹⁸ F. Hondius, «A decade of International Data Protection», NILR, vol. 30, núm. 2, 1983, páx. 109: «O que máis lles preocupa ós individuos non é o almacenamento dos datos persoais, o risco de que se inclúan datos de carácter segredo nos ficheiros automatizados, senón o uso que se fai deles».

■ STC 171/1990 (RTC 190, 171): «intimidade e honor son realidades intangibles cunha extensión que vén determinada en cada sociedade e en cada momento histórico».

■ STC 144/1999 [F. 8º]: «imponlles ós poderes públicos a prohibición de que se convertan en fontes desa información sen as debidas garantías, e tamén, o deber de previ-los riscos que poidan derivarse do acceso ou divulgacións indebidos da dita información». Esta mesma sentenza máis adiante expón:

«unha ilexítima intromisión na intimidade individual, lesiva do artigo 18.1 CE á infracción das normas sobre o acceso á información relativa a unha persoa ou á súa familia, con independencia de que esa información sexa obxectivamente considerada das íntimas ou de que o seu coñecemento ou divulgación poida ser pernicioso para a integridade moral ou a reputación daquel ou daqueles ós que se refiren. Pois de non ser así, atribuíríamoslles ós poderes públicos o poder de determinar qué é íntimo e qué non o é, cando o que o artigo 18.1 garante é un dereito ó segredo, a ser descoñecido, a que os demais non saiban quen somos ou o que facemos, vedando que terceiros, sexan particulares ou poderes públicos, decidan cales serán os lindes da nosa vida privada, e cada persoa poderá reservarse un espazo resgardado da curiosidade allea, sexa cal sexa o contido nel».

Dentro do campo á intromisión na intimidade informacional con respecto á divulgación de feitos privados requírense tres elementos:

1. Que os feitos sexan realmente privados, dato este moi subxectivo pero que pode atoparse examinando os costumes dunha sociedade nun momento e nun lugar concretos, e que non estean xa a disposición pública por revelacións anteriores ou pola súa constancia en rexistros públicos.
2. Que a revelación dos feitos sexa considerada ofensiva para unha persoa razoable.
3. Que non exista interese público no coñecemento dos feitos: casos de delitos, de asuntos de persoas notorias ou de persoas relevantes económica ou socialmente falando.

Unha crítica que merece este prontuario, dende o meu punto de vista, é que na sentenza do Tribunal Supremo¹⁹ non se trata concretamente o tema das escoitas telefónicas cando se nos expón que «nas intervencións telefónicas son principios básicos, sen a observancia dos cales se produce a vulneración do dereito fundamental, os seguintes:

- a) Fundamentación da medida no dobre sentido da súa proporcionalidade e motivación.

¹⁹ TS 2ª S, do 19 outubro de 1996, *La Ley*, 19-12-96. Esta sentenza fai mención á doutrina do TEDH, e, entre outras, á sentenza do caso Malone, sentenza que por exemplo en Gran Bretaña non deu paso a un control con tantas garantías coma o que existe en España.

b) Especialidade; principio que significa que «non cabe, obviamente, decretar unha intervención telefónica para tratar de descubrir, en xeral, sen adecuada precisión, actos delictuosos».

c) Control xudicial. Control que, como afectado non coñece a medida e, por iso, non a pode impugnar garantindo os seus dereitos futuros, polo que aquel debe ser exquisito e rigoroso».

Estamos, en suma, ante un traballo importante e necesario, que cobre un baleiro non cuberto ata agora e polo que o labor do autor case se pode cualificar de pioneiro. Non é fácil xulgar unha obra deste tipo nunhas curtas liñas, pero doume por satisfeito se se contribúe a unha maior difusión desta.

Xosé Antón Barreiro Pereira

Bolseiro da EGAP